

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR DO IES N° 1 DE RIBEIRA

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se establece o calendario para a celebración de elección de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral do IES N° 1 de Ribeira, conforme ao calendario aprobado na súa primeira reunión, dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar, SECTOR DOS PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/1996, redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral **dous/dúas pais/nais/titores/as legais** dun total de tres cos que debe contar o consello escolar do centro.
2. Son electores é elixibles todos os representantes das familias (pais/nais/titores/as legais) do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente exposto dende o 28/10/2024 no taboleiro do centro. As reclamacións ao censo realizaranse mediante escrito dirixido á Xunta Electoral ata as 13:00 horas do mércores 6 de novembro.
3. Son elixibles os pais as nais ou os/as titores/as legais que formalicen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. Poderanse presentar candidaturas do día 28 de outubro ata 8 de novembro ás 13:00 horas.
4. O sorteo de membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais, as nais e os/as titores/as legais que non se presenten como candidatos/as, o día 11 de novembro ás 11: 45 horas. Esta mesa estará composta polo Director do centro, que exercerá de presidente, e catro pais, nais ou titores/as legais, actuando como secretario/a o pai, nai ou titor/a legal de menor idade.



5. A campaña electoral comprenderá do 12 ao 19 de novembro, ambos días incluídos. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos/as candidatos/as previa petición ao presidente da Xunta Electoral e sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento das clases.
6. Poderán actuar como supervisores/as da votación os pais/nais/representantes legais do alumnado matriculado no centro que estea avalado como mínimo pola sinatura de 10 electores.
7. As votacións realizaranse no salón de actos do IES N° 1 o **mércores 20 de novembro, de 16:00 a 18:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:45 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de dous nomes entre as candidaturas presentadas. As persoas votantes deberán acreditar a súa identidade co DNI ou documento similar. O voto será secreto e non delegable, e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito a voto o pai e a nai ou, se é o caso o /a representante legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
11. A Xunta Electoral resolverá ás dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ribeira, a 30 de outubro de 2024

O Presidente da Xunta Electoral e Director do centro

Asdo.: José Manuel Santiago Yáñez